



Guía Docente

Datos Identificativos					
Asignatura (*)			Cálculo Multivariable	Código	2024/25 614G02006
Titulación					
Descritores					
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos	
Grao	2º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6	
Idioma	CastelánGalego				
Modalidade docente	Híbrida				
Prerrequisitos					
Departamento	Matemáticas				
Coordinación	Hervella Nieto, Luis Maria	Correo electrónico	luis.hervella@udc.es		
Profesorado	Benitez Garcia, Marta	Correo electrónico	marta.benitez@udc.es		
	Hervella Nieto, Luis Maria		luis.hervella@udc.es		
	Leitao Rodríguez, Álvaro		alvaro.leitao@udc.es		
Web	Microsoft Teams				
Descrición xeral	O Cálculo Multivariable e os seus métodos de resolución son ferramentas básicas para a descrición e o estudo dos problemas matemáticos máis simples que se poden enunciar tanto en dúas como en tres dimensións: no ámbito da arquitectura, a enxeñaría ou nas ciencias aplicadas. Nesta materia farase unha introdución á resolución de problemas de optimización (cálculo de extremos relativos e absolutos de funcións de varias variables reais) e estudaranse distintos procedementos para o cálculo de integrais escalares de funcións de varias variables (integrais dobres e triples). Ademais, describiranse as nocións máis básicas das integrais de liña e de superficie.				

Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Manexar con soltura a representación matemática espacial e as funcións de varias variables. Calcular os seus límites e estudar a súa continuidade.	A2	B5	C1
Saber calcular derivadas parciais. Manexar cambios de variable e aplicalos na derivación.	A1	B1	
Saber enunciar e resolver problemas de optimización de funcións en varias variables e coñecer as súas aplicacións prácticas	A1 A2	B6	
Coñecer os métodos de cálculo integral para funcións de dúas e tres variables e saber aplicalas a problemas xeométricos	A2	B5 B6	C1

Contidos

Temas	Subtemas
Vectores e xeometría do espazo	Vectores no plano Vectores no espazo Producto escalar Producto vectorial Producto triple Rectas e planos no espazo Superficies no espazo Coordenadas cilíndricas y esféricas
Límites e continuidade	Funcións de varias variables Límites Continuidade



Derivación e extremos	<p>Derivadas parciais</p> <p>Derivadas direccionais e gradiente</p> <p>Diferenciabilidade</p> <p>Plano tanxente</p> <p>Regra da cadea</p> <p>Extremos relativos en 2D</p> <p>Extremos absolutos</p> <p>Aplicacións do cálculo de extremos</p>
Integración	<p>Revisión dunha variable</p> <p>Integración 2D</p> <p>Integrais dobres</p> <p>Cambio de variable</p> <p>Integrais triples</p>
Python para cálculo de varias variables	<p>Introducción a Sympy</p> <p>Introducción a NumPy</p> <p>Representación gráfica con Matplotlib</p> <p>Límites y continuidad con Python</p> <p>Derivadas con Python</p> <p>Extremos (relativos y absolutos) con Python</p> <p>Integración con Python</p>

Planificación

Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A1 A2 B1 B5	28	28	56
Prácticas a través de TIC	A2 B5 B6 C1	20	40	60
Solución de problemas	A2 B5 B6 C1	10	20	30
Proba mixta	A1 A2 C1	2	0	2
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías

Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Exposición no encerado ou coa axuda de medios audiovisuais, os contidos especificados no programa da materia. A finalidade destas sesións é proporcionar ao alumnado os coñecementos básicos que lle faciliten a aprendizaxe e lle permitan abordar o estudo da materia do modo máis autónomo posible, coa axuda da bibliografía e dos exercicios que se propoñan ao longo de todo o curso
Prácticas a través de TIC	Prácticas interactivas nas que se resolverán problemas aplicados relacionados cos contidos do curso coa axuda do paquete Python de cálculo simbólico Sympy (mediante o uso de procedementos tanto de cálculo simbólico como numérico).
Solución de problemas	Sesións nas que trataranse de resolver problemas de relevancia na enxeñaría e nas ciencias aplicadas. Tamén se dará conta das dúbidas enunciadas polos alumnos. Así mesmo, traballarase tamén a resolución de exercicios propostos nas sesións expositivas e darase continuidade, dende un punto de vista analítico, a aqueles problemas propostos nas prácticas de ordenador.
Proba mixta	Realización dun exame escrito que consistirá nunha colección de cuestións teóricas e de problemas (do mesmo tipo que as cuestións e problemas propostos nas sesións expositivas e seminarios).

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
--------------	------------



Prácticas a través de TIC	a) A diversidade do alumnado e da súa formación fai recomendable unha orientación personalizada, que podería levarse a cabo no marco dunha acción tutorial
Solución de problemas	b) Nas prácticas con ferramentas TIC, o profesorado presente na aula de informática axudará ao alumnado no desenvolvemento dos problemas enunciados nas sesións prácticas, tanto no manexo do paquete Python de cálculo simbólico Sympy como na comprensión dos aspectos teóricos e prácticos do cálculo en varias variables c) Durante as sesións de resolución de problemas, o profesorado fará un seguimento máis detallado do alumnado no proceso da súa aprendizaxe mediante a resolución de cuestións teóricas, resolución de problemas e aplicacións a problemas simples no ámbito da enxeñaría e as ciencias aplicadas.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Prácticas a través de TIC	A2 B5 B6 C1	Non se realizarán probas de avaliación durante estas sesións.	0
Solución de problemas	A2 B5 B6 C1	Realizaranse 4 probas de avaliación durante os seminarios da materia que supoñerán, cada unha delas, ata o 15% da nota final. En cada unha destas probas, o alumnado deberá resolver un problema práctico da materia, do mesmo tipo que os presentes nos boletíns de problemas, podendo utilizar o seu computador portátil e o software explicado durante as prácticas de laboratorio.	60
Proba mixta	A1 A2 C1	O exame final, cun valor entre o 40 e o 100% (dependendo da cualificación obtida na parte de "Solución de problemas" e nesta mesma proba mixta) consistirá en realizar unha proba escrita tipo test.	40

Observacións avaliación
<p>O alumnado acabará o período de clases cun máximo dun 60% da cualificación, que obterá través de catro controis que se realizarán nas sesións de seminarios (cun peso dun 15% cada un).</p> <p>En cada un destes controis, cada estudante resolverá un problema práctico de desenvolvemento utilizando o seu computador portátil e o software Python, explicado nas prácticas de laboratorio.</p> <p>O profesorado poderá esixir a defensa oral dalgún destes controis a parte do alumnado.</p> <p>Nota: Se se detectase algunha actividade ilícita na realización dalgún destes controis (exercicios copiados, utilización inadecuada de recursos on-line etc.) todas as persoas involucradas terán unha cualificación de 0 no control en cuestión e, en función da gravidade do feito, o profesorado poderá decidir unha cualificación global de 0 en todo o apartado de "Solución de problemas".</p> <p>Nota 2: O uso de ferramentas de intelixencia artificial (ChatGPT, Github Copilot, etc.) durante os controis de prácticas queda totalmente prohibido, salvo consentimento explícito do profesorado. O seu uso en calquera dos controis carrexará unha cualificación global de 0 en todo o apartado de "Solución de problemas".</p> <p>Nas datas que establece a Xunta de Facultade, o alumnado realizará, por escrito, a proba mixta (exame final) da materia. A nota obtida nesta proba se reescalará de forma que cada estudante teña a oportunidade de recuperar a parte que perdese na avaliación correspondente aos seminarios. Desta maneira, a nota desta proba supoñerá entre un 40 e un 100% da nota final da materia.</p> <p>Con todo, é necesario obter unha cualificación igual ou superior a 2,50 puntos, sobre 10, na devandita proba mixta para superar a materia. Se non se alcanzase dita cualificación, non se sumará a nota do apartado "Solución de problemas", polo que nas actas só aparecerá a nota da proba mixta.</p> <p>A proba mixta correspondente á segunda oportunidade (xuño ou xullo) rexerese polos mesmos principios que a da primeira oportunidade.</p> <p>A avaliación dos Seminarios e as prácticas de laboratorio do alumnado con matrícula a tempo parcial poderase realizar atendendo, na medida do posible, ás súas circunstancias particulares.</p>

Fontes de información



Bibliografía básica	<p>Bibliografía básica: L. Hervella, M Benítez, A. Prieto, J. Ráfales, Cálculo en varias variables. Jupyter Book (https://gced-cm.github.io/JB-Calculo2-UDC) R. Larson, B.H. Edwards, Cálculo 2 de varias variables, 10ª, McGraw-Hill, 2016 G. Strang, E. Herman, Cálculo (volumen 3). Libro abierto en openstax, 2022 (https://openstax.org/details/books/calculo-volumen-3) E. Marsden, A.J. Tromba, Cálculo vectorial, 6ª edición, Pearson-Addison Wesley, 2018 Thomas, G. B. Cálculo. Varias variables. 13ª ed., México: Pearson, 2015. Q. Kong, T. Siau, A. Bayen. Python Programming and Numerical Methods. Jupyter Book de Berkeley, 2020 (https://pythonnumericalmethods.berkeley.edu/notebooks/Index.html). R. Johansson. Numerical Python. Ed. Apress, 2019. J. Kiusalaas. Numerical methods in engineering with Python, 3ª edición. Ed. Cambridge, 2013. Amit Saha. Doing Math with Python: Use Programming to Explore Algebra, Statistics, Calculus, and More! No Starch Press, Aug 1, 2015.</p>
Bibliografía complementaria	<p>Bibliografía complementaria: Larson, R., Edwards, B. Multivariable calculus, Cengage Learning, 2010 Marsden, J.E. Cálculo vectorial. Madrid. Pearson Educación, 2008 Burgos, J., Cálculo Infinitesimal de varias variables, 2ª, McGraw-Hill, 2008, España Galindo Soto, F. e outros, Guía práctica de Cálculo Infinitesimal en varias variables, 1ª, Thomson, 2005, España Rogawski, J., Cálculo. Varias variables, 2ª, Reverte, 2012, España</p>

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Álgebra Lineal/614G02001

Fundamentos de Programación I/614G02004

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Fundamentos de Programación II/614G02009

Materias que continúan o temario

Métodos Numéricos para Ciencia de Datos/614G02033

Observacións

Estudo diario dos contidos tratados nas sesións expositivas, complementados co curso virtual e a bibliografía recomendada Resolución tanto dos exercicios propostos nas sesións presenciais como doutros atopados na bibliografía recomendada Revisar periodicamente as prácticas de ordenador
 Uso das horas de titoría do profesorado para resolver todo tipo de dúbidas sobre os contidos da materia

(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías